

## ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E BAREMACIÓN DO CONCURSO DE MÉRITOS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MEIS

No Salón de Plenos do Concello de Meis, sendo as 10:00 horas do día 7 de abril de 2026, reúnense os membros do tribunal cualificador do proceso de selección para a provisión, mediante concurso-oposición, dun posto de auxiliar administrativo, e para a formación dunha listaxe de reserva na mesma categoría, a contratar por circunstancias da produción dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento de Servizos Sociais, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2026-0067, de data 10 de febreiro de 2026, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 33, do 18 de febreiro de 2026.

Estando presentes:

- Presidenta: Dna. María Gómez García, Secretaria-Interventora do Concello de Meis.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegas Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis.
- Vogal: Dna. Ana Rosa Vázquez Pérez, Traballadora social do Concello de Meis.
- Vogal: Dna. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis.
- Vogal: D. Ramón Fariña Barral, funcionario auxiliar administrativo C2 do Concello de Meis.

O Tribunal declárase debidamente constituído. De seguido toma razón da relación definitiva de aspirantes que superaron a fase de oposición por orde de puntuación no proceso selectivo:

	APELIDOS E NOME	DNI	NOTA	APTO/NON APTO
1	MUÑOZ LEIRO ARTURO	***2625**	55,00	APTO
2	SOUTO SOUTO MARÍA JOSEFA	***6722**	51,00	APTO
3	GONZÁLEZ VILAR ANTÍA	***9142**	43,50	APTO
4	DÍAZ GONZÁLEZ ELISEO	***2411**	42,50	APTO
5	SÁNCHEZ SILVA MARÍA LUZ	***7323**	35,50	APTO

Finalizada a fase de oposición, as persoas que a superaron, presentaron no rexistro do Concello de Meis a documentación relativa á fase de méritos.

De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria da citada praza, á vista dos documentos presentados acreditativos dos méritos, o Tribunal procede a baremar os mesmos obténdose o seguinte resultado:





APELIDOS E NOME	DNI	(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	TOTAL PUNTOS CONCURSO
MUÑOZ LEIRO ARTURO	***2625**	5,20	-	0,50	1,40	-	7,10
SOUTO SOUTO MARÍA JOSEFA	***6722**	2,40	2,00	2,00	5,40	-	11,80
GONZÁLEZ VILAR ANTÍA	***9142**	5,00	-	0,75	3,00	-	8,75
DÍAZ GONZÁLEZ ELISEO	***2411**	-	-	0,75	-	-	0,75
SÁNCHEZ SILVA MARÍA LUZ	***7323**	-	-	0,50	4,40	-	4,90

(1) EXPERIENCIA PROFESIONAL

(2) SUPERACIÓN DE PROBAS SELECTIVAS

(3) MÉRITOS ACADÉMICOS

(4) CURSOS

(5) CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA

As persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta acta no Taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello [<https://meis.sedelectronica.gal>] para facer as alegacións ou reclamacións que consideren oportunas.

As posibles reclamacións ou correccións que se presenten deberán ir dirixidas ao Sra. Presidenta do Tribunal Cualificador.

En caso de que non se efectúen alegacións no prazo anteriormente indicado, o listado coas puntuacións provisionais elevarase a definitivo.

Unha vez finalizado o proceso selectivo, o Tribunal publicará no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do concello a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións conseguidas, elevando a devandita relación a Presidencia da Corporación para a súa contratación como persoal laboral temporal.

Nos casos nos que nesta acta utilízanse substantivos de xénero gramatical masculino para referirse a persoas, cargos ou postos de traballo, debe entenderse que se fai por mera economía na expresión, e que se utilizan de forma xenérica con independencia do sexo das persoas aludidas ou dos titulares dos devanditos cargos, con estrita igualdade en canto a efectos xurídicos.

Sendo as 10:20 horas, non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. Presidenta da por rematada a sesión. E para que así conste e aos efectos oportunos, como Secretario do Tribunal, estendo a presente acta, asinádoa dixitalmente todos os presentes en proba de conformidade.

